

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**10422** *Corrección de erros do Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional.*

Advertidos erros no Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 143, do 12 de xuño de 2010, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 10, no número 4 da disposición adicional única, onde di: «...conforme a derogada Resolución do 28 de xullo de 2006...», debe dicir: «...conforme a Resolución do 28 de xullo de 2006...».

Na páxina 10, no número 1 da disposición transitoria única, onde di: «...conforme a derogada Resolución do 28 de xullo de 2006...», debe dicir: «...conforme a Resolución do 28 de xullo de 2006...».

Na páxina 39, no título do anexo III, onde di: «Documentación estatística contable semestral...», debe dicir: «Documentación estatística semestral...»; e onde di: «Modelos que integran a documentación estatística contable semestral», debe dicir: «Modelos que integran a documentación estatística semestral».

Na páxina 40, no modelo 0.1, no parágrafo relativo a DECLARA, onde di: «... documentación estatística contable semestral...», debe dicir: «...documentación estatística semestral...».

Na páxina 41, no modelo 0.2, no parágrafo relativo a DECLARA, onde di: «... documentación estatística contable semestral...», debe dicir: «...documentación estatística semestral...».

Na páxina 45, título do anexo IV, onde di: «Documentación contable e do negocio semestral...», debe dicir: «Documentación do negocio semestral...»; e onde di: «Modelos que integran a documentación contable e do negocio semestral», debe dicir: «Modelos que integran a documentación do negocio semestral».

Na páxina 46, no modelo AV 0.1, no parágrafo relativo a DECLARA, onde di: «... documentación contable e do negocio semestral...», debe dicir: «...documentación do negocio semestral...».

Na páxina 47, no modelo AV 0.2, no parágrafo relativo a DECLARA, onde di: «... documentación contable e do negocio semestral...», debe dicir: «...documentación do negocio semestral...».

Na páxina 48, no modelo OBS 0.3, no parágrafo relativo a DECLARA, onde di: «... documentación contable e do negocio semestral...», debe dicir: «...documentación do negocio semestral...».